

2. Número de identificación (matrícula, número de bastidor ou, no caso de non existir un código que identifique de forma única o contedor ou medio de transporte, engadirase ao número de identificación do transportista un código secuencial de tres díxitos que o identifique de forma única).

3. Categoría: ferrocarril, estrada, aéreo, por vía fluvial ou marítima.

4. Tipo: camiión, contedor, gaiola remolque, remolque de máis de 750 kg, remolque de menos de 750 kg, semirremolque, furgoneta, tractocamiión, vehículo mixto adaptable ou outros.

5. Dimensións: lonxitude, largo, existencia ou ausencia de plataforma móbil; número de plataformas; metros cadrados útiles por piso e totais.

6. Especies para as cales se autoriza.

7. Número máximo de animais que pode transportar, por especie e tipo de animal, ou número máximo de colmeas para os autorizados a transportar estas. Para o transporte de peixes indicárase o número de animais ou o seu peso, segundo proceda.

8. Se está autorizado para traxectos de máis de 8 horas: si/non.

9. Se está dotado de sistema de navegación por satélite: si/non.

10. Data de autorización.

11. Data de renovación (se é o caso).

12. Data de baixa (se é o caso).

13. Decisións notificadas de acordo cos artigos 26.4.c) e 26.6 do Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, relativo á protección dos animais durante o transporte e as operacións conexas e polo que se modifican as directivas 64/432/CEE e 93/119/CE e o Regulamento (CE) n.º 1255/97.

### ANEXO III

#### Contido mínimo do rexistro de actividade, segundo o artigo 9.2.c)

1. Número de autorización do transportista, segundo o punto 1 do anexo I.

2. Número de autorización do contedor ou medio de transporte, segundo o punto 2 do anexo II.

3. Conductor que realiza cada movemento de animais, nacionalidade e o seu NIF ou número de pasaporte.

4. Data e hora de inicio de cada viaxe.

5. Duración prevista de cada viaxe.

6. Lugar de orixe: código REGA da explotación (no caso de explotacións situadas no territorio nacional), nome do propietario ou nome comercial da explotación de orixe e enderezo completo. No caso de que o propietario da explotación sexa distinto do propietario dos animais, deberá figurar o nome deste.

7. Data e hora de finalización da viaxe.

8. Lugar de destino: código REGA da explotación (no caso de explotacións situadas no territorio nacional), nome do propietario ou nome comercial da explotación de destino e enderezo completo.

9. Número de animais desprazados ou número de colmeas para os contedores ou medios de transporte autorizados a transportar estas. Para o transporte de peixes indicárase o número de animais ou o seu peso, segundo proceda.

10. Especie a que pertencen os animais.

11. Número identificativo do certificado sanitario ou de orixe asociado ao movemento e data de expedición.

12. Data e lugar de desinfección do vehículo e número de certificado ou talón de desinfección do contedor ou medio de transporte. Este requisito non será obrigatorio no caso de medios de transporte de abellas do mel, en cumprimento do artigo 49.1 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

### ANEXO IV

#### Ficheiro de datos de transportistas de animais

Unidade responsable da declaración e rexistro do ficheiro: Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Finalidade: rexistro das persoas físicas, transportistas de animais vivos, o cal permitirá a súa rápida identificación cando se realicen controis.

Usos: control, por medio das autoridades competentes, do cumprimento da normativa vixente.

Persoas e colectivos afectados: toda persoa física, transportista de animais vivos, que radique en España.

Procedementos de recollida de datos: o previsto no artigo 5.

Estrutura básica do ficheiro, e descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: datos de carácter identificativo dos transportistas:

1. Apelidos e nome do transportista e enderezo postal completo.

2. Número de identificación fiscal (NIF) ou número de pasaporte e nacionalidade.

3. Nome e apelidos e nacionalidade do representante legal da empresa e o seu NIF.

Cesións de datos de carácter persoal e transferencias internacionais de datos: ás comunidades autónomas no ámbito das súas competencias. Así mesmo, ás forzas e corpos de seguranza e ao organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico, responsables do control do transporte de animais.

Órgano responsable: Dirección Xeral de Gandaría.

Órgano ante o cal se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación: autoridades competentes das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e de Melilla, de acordo co previsto no artigo 9.3.

Medidas de seguranza con indicación do nivel exixible: nivel básico.

**11290** *REAL DECRETO 777/2006, do 23 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 1866/2004, do 6 de setembro, polo que se aproba o Plan Nacional de Asignación de Dereitos de Emisión, 2005-2007.* («BOE» 150, do 24-6-2006.)

O Plan Nacional de Asignación de Dereitos de Emisión, aprobado polo Real decreto 1866/2004, do 6 de setembro, posteriormente modificado polo Real decreto 60/2005, do 21 de xaneiro, establece para o trienio 2005-2007 a cantidade total de dereitos que se prevé asignar ás instalacións incluídas no ámbito de aplicación da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro. Tamén establece a metodoloxía de cálculo para a asignación individual de dereitos, determina a cantidade correspondente á reserva de novos entrantes e as regras para a súa asignación.

De conformidade co artigo 9 da Directiva 2003/87, do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, pola que se establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro na Comunidade e pola que se modifica a Directiva 96/61/CE do Consello, o Real decreto 1866/2004, do 6 de setembro, xunto coa listaxe de asignación individual ás instalacións, foille remitido á Comisión Europea.

A decisión da Comisión Europea do 27 de decembro de 2004, relativa ao Plan Nacional de Asignación de Dereitos de Emisión presentado por España, estableceu que, para consideralo conforme ao dereito comunitario, resultaba imprescindible incorporar ao ámbito de aplicación da lei española todas as instalacións de combustión de

máis de 20 MW de potencia térmica nominal, non incluídas consonte a interpretación inicialmente adoptada por España e instou as autoridades españolas a adoptar as decisións pertinentes para o facer. Así mesmo, de conformidade coa decisión da Comisión «o plan nacional de asignación poderase modificar cando a emenda consista en modificar os dereitos asignados a determinadas instalacións dentro da cota total que se deba asignar ás instalacións enumeradas no plan como consecuencia da mellora da calidade dos datos».

A mencionada decisión da Comisión Europea traducíuse no ámbito interno na inclusión no Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública, de varias modificacións na Lei 1/2005 sobre o réxime de comercio de dereitos de emisión.

Así, co fin de abrir un novo prazo para a solicitude de autorización e dereitos para as instalacións antes mencionadas e habilitar o Consello de Ministros para modificar o plan vixente, engadiuse un punto 2 á disposición transitoria primeira da Lei 1/2005, facultando o Consello de Ministros para modificar o plan, e un punto 3 á disposición transitoria segunda, no cal se estableceu o procedemento que hai que seguir en relación con estas instalacións.

De conformidade co punto 2 da disposición transitoria primeira da Lei 1/2005, correspóndelle ao Goberno aprobar unha modificación do Plan Nacional de Asignación de Dereitos de Emisión 2005-2007, mediante real decreto por proposta dos ministros de Economía e Facenda, de Industria, Turismo e Comercio e de Medio Ambiente.

Esta modificación terá por obxecto establecer a cantidade adicional de dereitos de emisión, precisa para asignar dereitos ás instalacións que deben incluírse no Plan Nacional de Asignación 2005-2007 conforme o existido pola Comisión Europea, de acordo cos criterios e coa metodoloxía de asignación recollidos no Real decreto 1866/2004, que aproba o citado plan.

Resulta, por tanto, necesario acometer a reforma do Plan Nacional de Asignación 2005-2007. A reforma abordada céntrase na modificación do cadro que, no punto 3 do devandito plan, recolle o escenario de asignación para os sectores industriais. Así,

a) Axústanse as contías de dereitos e categorías de actividades á ampliación efectuada no ámbito de aplicación da Lei 1/2005, do 9 de marzo, tras a modificación introducida polo Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo.

b) Unifícase a reserva para novos entrantes.

c) Incrementáanse os topes sectoriais da asignación, con cargo á reserva, para aqueles sectores en que se encontran incluídas instalacións respecto das cales se estimaron recursos de reposición.

Este real decreto dítase de conformidade co capítulo IV da Lei 1/2005, do 9 de marzo, e logo de consulta á Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Medio Ambiente, de Economía e Facenda e de Industria, Turismo e Comercio e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de xuño de 2006,

## DISPONGO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1866/2004, do 6 de setembro, polo que se aproba o Plan Nacional de Asignación de Dereitos de Emisión, 2005-2007.*

O Plan Nacional de Asignación de Dereitos de Emisión, 2005-2007, recollido no anexo do Real decreto 1866/2004, do 6 de setembro, queda modificado nos seguintes termos:

Un. O cadro resumo dos pasos e os temas claves na elaboración do PNA incluído no punto 1 do Plan Nacional

de Asignación de Dereitos de Emisión, 2005-2007 queda modificado nos seguintes puntos:

a) No recadro de «repartición do esforzo de redución entre sectores da directiva e non directiva» substitúese o texto actual polo seguinte:

«Mantense o peso actual das emisións de CO<sub>2</sub> dos sectores incluídos na directiva (entre o 44 por cento e o 45 por cento) respecto ás emisións totais nacionais.»

b) No recadro de «cantidade total de dereitos para o período 2005-2007, sectores incluídos na directiva» substitúese o texto actual polo seguinte:

«Propónse a repartición de 176,621 Mt CO<sub>2</sub>/ano e unha reserva adicional do 1,87 por cento para novos entrantes, resultando unha asignación total de 179,915 Mt CO<sub>2</sub>/ano, cunha redución do 0,58 por cento respecto ás emisións de 2002 (180,96 Mt).»

c) O recadro de «asignación a nivel sectorial, método de asignación» terá a seguinte redacción:

«Basicamente, consideráronse as proxeccións de emisión baseadas nas emisións históricas. A partir destas proxeccións calculouse a capacidade de redución de emisións de cada sector para efectuar a asignación a nivel sectorial.»

d) O recadro «Nivel sectorial, sector eléctrico» pasa a ser denominado «Nivel sectorial, instalacións de produción de enerxía eléctrica destinada á subministración pública».

Así mesmo, substitúese o texto actual polo seguinte:

«Asígnanse ao sector eléctrico 85, 4 Mt CO<sub>2</sub>/ano en 2005-2007. A asignación do sector siderúrxico inclúe 2,8 Mt adicionais, correspondentes a xeración de enerxía eléctrica con gases siderúrxicos, o que na práctica eleva a 88,2 Mt os dereitos do sector.»

e) Suprímense os recadros «Coxeracións e instalacións mixtas asociadas a procesos non enumerados no anexo I da directiva» e «Instalacións mixtas».

f) Introdúcese un novo recadro co título «Nivel sectorial, outras instalacións de combustión cunha potencia térmica nominal superior a 20 MW». O novo recadro ten o seguinte contido:

«Inclúense aquí as coxeracións, instalacións mixtas asociadas ou non a procesos enumerados no anexo I da directiva, así como as instalacións afectadas pola ampliación do ámbito da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, introducida polo Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública. En total asígnanse ao sector 20,876 Mt CO<sub>2</sub>/ano en 2005/2007.»

g) No recadro de «nivel sectorial, sectores industriais», substitúese a redacción actual polo seguinte texto:

«Asígnanse 70,343 Mt CO<sub>2</sub>/ano en 2005-2007 para os sectores industriais, incluídos os aumentos de capacidade dos operadores existentes.»

h) No recadro de «novos entrantes: definición e tratamento da reserva de novos entrantes» o parágrafo terceiro terá a seguinte redacción:

«Establécese unha reserva gratuíta do 1,87 por cento sobre as emisións do escenario de referencia, o que supón 3,294 Mt/ano. Tal reserva é única para todos sectores incluídos no ámbito de aplicación da Lei 1/2005, do 9 de marzo. A distribución farase por orde de petición («first come, first served»). Os dereitos da reserva de novos entrantes non asígnan-

dos antes do 30 de xuño de 2007 poderán ser alleados consonte o disposto na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.»

i) No recadro de «Definición de instalación de combustión» substitúese a redacción actual polo seguinte texto:

«Adóptase unha definición de instalación de combustión que inclúe as instalacións de produción de enerxía eléctrica destinada á subministración pública (centrais termoeléctricas), as instalacións de coxeración con independencia do sector en que dean servizo e outras instalacións de combustión cunha potencia térmica nominal superior a 20 MW non incluídas nas epígrafes 2 a 9 do anexo I da Lei 1/2005, do 9 de marzo. En todos os casos, cunha potencia térmica nominal superior a 20 MW. Para determinar a potencia térmica nominal da instalación usarase o poder calorífico inferior (PCI). Enténdese que todos os dispositivos fixos de combustión asociados ás instalacións de sectores incluídos no anexo I da directiva forman parte delas e, polo tanto, están no ámbito da directiva.»

Dous. O punto 2.C do Plan Nacional de Asignación de Dereitos de Emisión, 2005-2007, queda modificado nos seguintes termos:

a) O parágrafo sexto terá a seguinte redacción:

«Analizáronse, para iso, os escenarios e alternativas compatibles cos criterios determinantes da directiva, ao mesmo tempo que se optimiza o mantemento da competitividade económica e o respecto aos compromisos internacionais. Optouse polo

escenario que supón que a repartición do esforzo de redución de emisións se efectúa entre os sectores da directiva (entre o 44 por cento e o 45 por cento tras a ampliación do ámbito) e os sectores non incluídos na directiva (entre o 56 por cento e o 55 por cento tras a ampliación do ámbito), mantendo o peso actual das emisións incluídas no ámbito da directiva (CO<sub>2</sub>) no total nacional de emisións (trienio 2000-2002 con hidraulicidade media).»

b) O parágrafo sétimo terá a seguinte redacción:

«Así, e polo que se refire ás actividades incluídas na directiva, a través da suma das proxeccións tendenciais das distintas actividades citadas no anexo I da directiva, determinouse a repartición de 529,863 Mt de CO<sub>2</sub> para o período 2005-2007, cunha reserva adicional gratuíta de 9,882 Mt de CO<sub>2</sub> para novos entrantes ao esquema do comercio de dereitos de emisión, asegurando así unha igualdade de tratamento entre as instalacións existentes e os novos entrantes, sempre que estes últimos utilicen as mellores tecnoloxías dispoñibles. En media anual, resulta unha asignación de 179,915 Mt de CO<sub>2</sub>/ano, incluíndo a reserva.»

c) Suprímense os parágrafos décimo e décimo primeiro do punto 2.C do Plan Nacional de Asignación de Dereitos de Emisión, 2005-2007.

Tres. Modifícase o cadro de repartición de dereitos por actividades, incluído no punto 3 do Plan Nacional de Asignación de Dereitos de Emisión, 2005-2007, substituíndose polo seguinte:

| Sector   | 1990                    | 2000                    | 2001                    | 2002                    | Media 2000-2002         |         | Asignación no período 2005-2007 | Asignación media anual 2005-2007 |
|--|-------------------------|-------------------------|-------------------------|-------------------------|-------------------------|---------|---------------------------------|----------------------------------|
|  | Mill. t CO <sub>2</sub> | Mill. t CO <sub>2</sub> | Mill. t CO <sub>2</sub> | Mill. t CO <sub>2</sub> | Mill. T CO <sub>2</sub> | PM/90   | Mill. T CO <sub>2</sub>         | Mill. T CO <sub>2</sub>          |
| 1. Instalacións de combustión cunha potencia térmica nominal superior a 20 MW, incluíndo:  |                         |                         |                         |                         |                         |         |                                 |                                  |
| a) Instalacións de produción de enerxía eléctrica de servizo público (1).  | 61,61                   | 86,77                   | 81,26                   | 95,95                   | 87,99                   | 42,82%  | 256,200                         | 85,400                           |
| b) Instalacións de coxeración con independencia do sector en que dean servizo.   |                         | 14,23                   |                         | 16,63                   |                         |         | 62,628                          | 20,876                           |
| c) Outras instalacións de combustión cunha potencia térmica nominal superior a 20 MW non incluídas nos puntos 2 a 9 (2).   |                         |                         |                         |                         |                         |         |                                 |                                  |
| 2. Refinarías de hidrocarburos (3).  | 12,64                   | 15,25                   | 14,99                   | 14,86                   | 15,03                   | 18,93%  | 45,750                          | 15,250                           |
| 3. Coquerías.  |                         |                         |                         |                         |                         |         |                                 |                                  |
| 4. Instalacións de calcinación ou sinterización de minerais metálicos incluído o mineral sulfurado.  |                         |                         |                         |                         |                         |         |                                 |                                  |
| 5. Instalacións para a produción de arrabio ou de aceiro (fusión primaria ou secundaria), incluídas as correspondentes instalacións de coada continua dunha capacidade de máis de 2,5 toneladas por hora (4).  | 13,83                   | 10,79                   | 10,74                   | 10,85                   | 10,79                   | -21,96% | 33,690                          | 11,230                           |
| 6. Instalacións de fabricación de cemento sen pulverizar («clinker») en fornos rotatorios cunha produción superior a 500 toneladas diarias, ou de cal en fornos rotatorios cunha capacidade de produción superior a 50 toneladas por día, ou en fornos doutro tipo cunha capacidade de produción superior a 50 toneladas por día.  | 22,72                   | 27,08                   | 27,76                   | 28,78                   | 27,87                   | 22,68%  | 89,973                          | 29,991                           |
| Cemento  | 21,14                   | 24,99                   | 25,68                   | 26,58                   | 25,75                   | 21,81%  | 82,605                          | 27,535                           |
| Cal  | 1,58                    | 2,09                    | 2,08                    | 2,20                    | 2,12                    | 34,39%  | 7,368                           | 2,456                            |
| 7. Instalacións de fabricación de vidro incluída a fibra de vidro, cunha capacidade de fusión superior a 20 toneladas por día.   | 1,77                    | 2,49                    | 2,63                    | 2,76                    | 2,63                    | 48,40%  | 8,784                           | 2,928                            |
| Vidro  | 1,55                    | 1,96                    | 2,07                    | 2,16                    | 2,06                    | 33,12%  | 6,732                           | 2,244                            |
| Fritas   | 0,22                    | 0,53                    | 0,56                    | 0,60                    | 0,56                    | 156,06% | 2,052                           | 0,684                            |
| 8. Instalacións para a fabricación de produtos cerámicos mediante enfornado, en particular de tellas, ladrillos, ladrillos refractarios, azulexos, gres cerámico ou porcelanas, cunha capacidade de produción superior a 75 toneladas por día, e, unha capacidade de enfornado de máis de 4 m <sup>3</sup> e de máis de 300 kg/m <sup>3</sup> de densidade de carga por forno. | 4,30                    | 6,10                    | 6,43                    | 6,61                    | 6,38                    | 48,37%  | 16,944                          | 5,648                            |
| Ladrillos e tellas   | 3,89                    | 5,02                    | 5,34                    | 5,51                    | 5,29                    | 35,99%  | 14,319                          | 4,773                            |
| Azulexos e baldosas  | 0,41                    | 1,08                    | 1,09                    | 1,10                    | 1,09                    | 165,85% | 2,625                           | 0,875                            |
| 9. Instalacións industriais destinadas á fabricación de:   |                         |                         |                         |                         |                         |         |                                 |                                  |
| a) Pasta de papel a partir de madeira ou doutras materias fibrosas.  | 2,29                    | 3,64                    | 4,33                    | 4,52                    | 4,16                    | 81,80%  | 15,894                          | 5,298                            |
| b) Papel e cartón cunha capacidade de produción de máis de 20 toneladas diarias.   |                         |                         |                         |                         |                         |         |                                 |                                  |
| Total sectores comercio  | 119,16                  | 166,35                  |                         | 180,96                  | 173,65                  |         | 529,863                         | 176,621                          |
| RESERVA  |                         |                         |                         |                         |                         |         | 9,882                           | 3,294                            |
| % Reserva sobre asignación   |                         |                         |                         |                         |                         |         | 1,87%                           | 1,87%                            |
| Total emisións España (Mt CO <sub>2</sub> -eq) <sup>(5)</sup> .  | 285,69                  | 386,68                  | 385,05                  | 401,34                  | 391,02                  | 36,87%  |                                 |                                  |
| % Comercio sobre total nacional  |                         | 43,02%                  |                         | 45,09%                  |                         |         |                                 |                                  |

(1) Os datos de emisións históricas e asignacións no período 2005-2007 non inclúen as correspondentes á queima de gases siderúrxicos.

(2) Nesta epígrafe inclúense as instalacións mixtas e as instalacións de combustión afectadas tras a ampliación do ámbito da Lei 1/2005. Estas últimas incorpóranse ao comercio de dereitos de emisión o 1 de xaneiro de 2006. En consecuencia, a asignación distribúese unicamente entre 2006 e 2007. Non obstante, para facilitar a comparación no cálculo da asignación anual considerouse o período completo, 2005-2007.

(3) Inclúense as plantas de hidróxeno cando o seu titular é o da refinaría.

(4) Emisións e asignacións sumando os gases siderúrxicos e coquerías.

(5) Todos os gases de efecto invernadoiro e todos os sectores.

Catro. O punto 4.A do Plan Nacional de Asignación de Dereitos de Emisión, 2005-2007, queda modificado nos seguintes termos:

a) O último parágrafo da subepígrafe «4.A.a) Sector eléctrico» queda redactado como segue:

«As instalacións de ciclo combinado que non estean en funcionamento antes do 30 de setembro de 2004 e que non dispoñan das autorizacións administrativas anteriormente sinaladas poderán dispoñer de dereitos de emisión, sendo consideradas para tal efecto novos entrantes.»

b) Engádesse un último parágrafo á subepígrafe «4.A.b Sectores industriais», coa seguinte redacción:

«Ampliación do ámbito de aplicación da Lei 1/2005, do 9 de marzo: para as instalacións afectadas pola ampliación do ámbito da lei séguense os mesmos principios e criterios que para o resto das instalacións de sectores industriais.»

Cinco. O punto 6.B, parágrafo segundo, do Plan Nacional de Asignación de Dereitos de Emisión, 2005-2007, queda modificado nos seguintes termos:

«Establécese unha reserva gratuíta do 1,87 por cento sobre as emisións do escenario de referencia, o que supón 3,294 Mt/ano. Tal reserva é única para todos os sectores incluídos no ámbito de aplicación

da Lei 1/2005, do 9 de marzo. A asignación final da reserva axustarase aos criterios fixados para a xestión desta.»

**Disposición derradeira primeira.** *Natureza básica e título competencial.*

Este real decreto ten natureza básica e dítase ao abeiro das competencias estatais en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e da lexislación básica sobre protección do medio previstas no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup> da Constitución respectivamente.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de xuño de 2006.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ